CESAR NO CORTIÑAS (1 para 1)
Concelleiro
Data de Sinatura: 18/01/2024
HASH: b91be5a9f8303767392 4efcb32d9151d

CONCELLEIRO DE CULTURA DO CONCELLO DE SARRIA
D. CÉSAR NO CORTIÑAS

INFORMA:

"BASES DO CONCURSO DO DESFILE DE COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO, DO CONCELLO DE SARRIA, DOMINGO DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2024 "

Saída do barrio da Estación ás 17:00 horas.

O remate e entrega dos premios realizarase na Praza da Vila, ás 20:00 horas.

O xurado do concurso estará composto por :
-VOGAIS: Representantes de diferentes asociacións e colectivos relacionados coa cultura local.
-SECRETARIO/A: O responsable da O.M.I.X do Concello de Sarria, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes: a montaxe, a elaboración e os materiais utilizados, a orixinalidade, o interese etnográfico, o humor, a posta en escena, a simpatía e a graza dos participantes, e a utilización de música en vivo.

O persoal encargado da organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar a orde do seu posto, calquera elemento que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas,etc...), co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.

O Xurado fará pública a súa decisión unha vez rematado o desfile, reservándose o dereito de declarar deserto os premios e e as axudas que considere oportunas por non acadar a calidade ou participación suficiente.

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases.

A decisión do xurado é inapelable.

Cod. Validación: 7L5K4P74XYAK4ZGK45C2KPR9T
Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

CATEGORÍAS

- **CARROZAS :**
  Poderán participar nesta modalidade aqueles grupos que estando formados por máis de tres persoas, leven plataforma ou remolque de superficie suficiente para que a totalidade do grupo ou polo menos o 50 % dos seus integrantes suban nela.

- **COMPARSAS** :
  Todos aqueles grupos que estando formados por máis de tres persoas e non entren na categoría de carrozas (aínda que leven como complemento algún vehículo para a megafonía).

- **INDIVIDUAL , PARELLAS OU TRÍOS ADULTO**
  Sempre que sexan maiores de 16 anos.

- **INDIVIDUAL, PARELLAS OU TRÍOS INFANTIL :**
  Sempre que a lo menos un deles sexa menor de 16 anos.

En todo caso se a organización considera que aqueles que se apuntasen coma carroza, comparsa, individual, parella ou trío e non reúnen os requisitos para elo, poderá excluír ao participante do desfile ou cambiar a sua categoría.

INSCRICIÓNS :

Reunión : xoves 8 de febreiro , ás 20.00h , no Concello de Sarria.

- **Inscrición**: ata o mercores **7 de febreiro**, ás 23.59h , a través do impreso colgado na páxina web ou que se facilitará no propio concello, e mediante rexistro no Concello de Sarria ou no correo: cultura@sarria.gal
  A este impreso deberá achegarse o D.N.I., e o certificado da titularidade da conta bancaria onde se fará efectivo o pago das axudas e/ou dos premios, orixinal ou fotocopia.

No caso de que o tempo ou calquera outra circunstancia non permitan a realización do desfile, trasladarase a outra data, facilitándose a información oportunamente.

Cod. Validación: 7L5K4P74XYAK4ZGK45C2KPR9T
Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

ACÓRDASE DAR OS SEGUINTES PREMIOS OS PARTICIPANTES DA COMARCA DE SARRIA :

Nº1 CARROZAS
1º PREMIO: 800€ (suxeito a retención do I.R.P.F)
2º PREMIO: 600€ (suxeito a retención do I.R.P.F)
3º PREMIO: 300€

Nº2 COMPARSAS
1º PREMIO: 800€ (suxeito a retención do I.R.P.F)
2º PREMIO: 600€ (suxeito a retención do I.R.P.F)
3º PREMIO: 300€
4º PREMIO: 150€

Nº3 INDIVIDUAL ADULTO DE 1 A 3 COMPOÑENTES (MAIORES DE 16ANOS)
1ºPREMIO: 150€
2ºPREMIO: 100€
3ºPREMIO: 60€

Nº4 INDIVIDUAL INFANTIL DE 1 A 3 COMPOÑENTES (MENORES DE 16 ANOS):
1ºPREMIO: 120€
2ºPREMIO: 100€

Nº5 MELLOR MÚSICA EN VIVO: 200 €.

Nº6 ACCÉSITS:

- MELLOR INFANTIL*: 250€
  *Carrozas ou comparsas de máis de 4 participantes conformadas integramente por menores de 16 anos, ou no que máis dun 50% dos membros sexan menores desta idade.
- COMPARSA MÁIS ANIMADA DE 50 COMPOÑENTES: 200€.
- COMPARSA MÁIS ANIMADA DE 4 A 50 COMPOÑENTES: 150€.
- PARTICIPANTE MÁIS ANIMADO: 60€.
- MELLOR CRÍTICA DE ACTUALIDADE: 60€.

Cod. Validación: 7L5K4P74XYAK4ZGK45C2KPR9T
Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

<u>Nº7 ACÓRDASE DAR OS SEGUINTES PREMIOS OS PARTICIPANTES FORA DA COMARCA:</u>

1ºPREMIO CARROZA: 450€ (suxeito a retención do I.R.P.F).

1ºPREMIO COMPARSA :300€
2ºPREMIO COMPARSA :150€

1ºPREMIO INDIVIDUAL 1 A 3 COMPOÑENTES: 150€

TOTAL PREMIOS ENTROIDO 2024 : 6.050 €

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

Cod. Validación: 7L5K4P74XYAK4ZGK45C2KPR9T
Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4